

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 16 DE MARZO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese María del Mar Pereira Álvarez como secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.
- Decreto polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a María del Mar Pereira Álvarez.
- Decreto polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se regula o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Produtos Fitosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, o Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios e o réxime sancionador en materia de produtos fitosanitarios.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa da Reconquista de Vigo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Barbadás, para a mellora do firme na antiga

OU-540, por un importe de douscentos trinta e un mil douscentos setenta e catro euros con setenta céntimos (231.274,70 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara como de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial denominado "Gasoduto de transporte secundario APB-45 Sanxenxo – O Grove" (concellos de Pontevedra, Poio, Sanxenxo, Meaño e O Grove), para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para coordinar actuacións no ámbito de aplicación do Plan de Banda Larga de Galicia, por importe de dous millóns catrocentos mil euros (2.400.000 euros), dos orzamentos de Agader para os anos 2012, 2013 e 2014.
- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto "LAT 66 KV interconexión subestación Ponte Caldelas (Taboadelo) subestación A Reigosa" sobre a que cualifica os montes veciñais en man común A Reigosa, Baltar, Sobreiro, Chan do Casal e Taboadelo, pertencentes respectivamente ás comunidades da Reigosa, Baltar, Sobreiro, Chan do Casal e Taboadelo, no concello de Ponte Caldelas, Pontevedra. Superficie total de afección: 119.745,17 m².
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural e do Mar para eximir da obriga de constituír garantías para a percepción dos pagamentos anticipados nas axudas que se concedan ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre emprego no sector turístico galego. Ano 2011.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as actuacións da Xunta en relación coas participacións preferentes das entidades financeiras en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe semestral sobre as actividades da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) durante o período xaneiro-xuño 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento da plataforma loxística.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MAR PEREIRA ÁLVAREZ COMO DIRECTORA DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

▪ *Cesa como secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica*

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Mar Pereira Álvarez como directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Mar Pereira é licenciada en física electrónica pola Facultade de Santiago de Compostela e desde abril de 2009 ocupaba o posto de secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, departamento cuxas funcións asume a Amtega.

Mar Pereira pertence ao corpo de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información do Servizo Galego de Saúde. Entre o ano 2005 e o 2009 foi subdirectora xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade de Galicia. Anteriormente, ocupou o posto de directora de Organización e Sistemas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, así como outros postos de responsabilidade na Administración sanitaria. Previamente, a súa experiencia profesional desenvolveuse no ámbito privado, en empresas relacionadas cos sistemas e as tecnoloxías da información.

Mar Pereira é patroa da Fundación para a Calidade e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, así como do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), presidenta do Consello de Administración de Retegal (Redes de Telecomunicacións de Galicia), e vicepresidenta do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia. Así mesmo, preside o Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE CREA O REXISTRO PROFESIONAL DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS E ESTABLECE A SÚA FORMACIÓN MÍNIMA

- ***Os socorristas deberán dispoñer tamén da correspondente habilitación profesional, o que ofrecerá unha garantía da axeitada prestación de servizos de socorrismo de calidade á cidadanía***
- ***O decreto fixa a formación mínima con que deberán contar os socorristas galegos, e que será acreditada por medio dunha habilitación expedida pola Academia Galega de Seguridade Pública***

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao decreto polo que se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, no cal tamén se establece cal debe ser a formación mínima obrigatoria con que deben contar estes profesionais.

Este decreto ten como finalidade contribuír a garantir a axeitada prestación de servizos de socorrismo en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais de Galicia, a través dunha exixencia de que os profesionais conten cunha formación mínima acreditada por medio dunha habilitación que será expedida pola Academia Galega de Seguridade Pública.

A norma establece que para o exercicio profesional do socorrismo na nosa Comunidade é preciso solicitar a inscrición no dito rexistro, dependente da Academia Galega de Seguridade Pública; e dispoñer da correspondente habilitación profesional, o que ofrecerá unha garantía da axeitada prestación de servizos de socorrismo de calidade á cidadanía.

Este decreto será de aplicación aos socorristas que exerzan a súa actividade en instalacións acuáticas, e en espazos acuáticos naturais de Galicia que, segundo a normativa vixente, teñan a obriga de ter un ou máis socorristas con titulación en materia de salvamento e socorrismo acuático, entendendo por instalacións acuáticas, as piscinas convencionais de uso público ou privado, piscinas naturais, parques acuáticos, balnearios e instalacións análogas dedicadas a actividade acuática; e por espazos acuáticos naturais, as praias marítimas e fluviais, ríos, lagos e embalses.

O Rexistro terá dúas seccións: Socorristas de instalacións acuáticas, e Socorristas de espazos acuáticos naturais. No Rexistro figurarán as persoas que o soliciten e acrediten estar en posesión da cualificación de socorrismo, e esta inscrición debe renovarse cunha periodicidade de catro anos, para o que os socorristas deberán acreditar ante a Academia -órgano do cal dependerá o rexistro- ter realizado cursos de actualización da formación adquirida dunha duración mínima de catro horas sobre cada un dos módulos teórico-prácticos asociados ás unidades de competencia recollidas no decreto.

Aquelas persoas que desexen inscribirse nel deberán acreditar a cualificación profesional de socorrista acuático, sen prexuízo de que durante un prazo de cinco anos desde a entrada en vigor do decreto se poidan inscribir con carácter temporal todos os que teñan unha formación dun mínimo de 80 horas realizada con anterioridade á publicación do decreto e logo da homologación pola Agasp.

Máximo consenso

É de salientar que, durante o proceso de elaboración do decreto que hoxe se aprobou no Consello, os representantes da Agasp se reuniron con todas as entidades e colectivos afectados pola nova regulación. Deste xeito, mantivéronse encontros con responsables da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e coas principais empresas do sector.

Así mesmo, tamén se reuniron coa Cruz Vermella, a Asociación Española de Técnicos en Salvamento e Socorrismo Acuáticos, membros das consellerías de Traballo, Educación, Sanidade e a Secretaría Xeral para o Deporte, e representantes das universidades galegas; sempre co obxectivo de buscar o máximo consenso para a elaboración deste novo decreto que regulará o exercicio profesional dos socorristas na nosa comunidade autónoma.

Galicia conta durante os meses de verán con preto de dous mil socorristas acuáticos que se encargan de salvagardar a saúde e seguridade dos bañistas, un labor que cobra especial relevancia nunha comunidade como Galicia, que ten nas súas praias e ríos un dos seus maiores patrimonios e que conta con 117 areas con bandeira azul.

APROBADO O DECRETO QUE AXILIZA E MELLORA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DOS CONCELLOS

- *O Consello da Xunta deu hoxe a súa aprobación ao novo decreto que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*
- *Unha das principais novidades é que establecerá dúas fórmulas de financiamento diferenciadas: por un lado, as axudas para a prestación de servizos sociais básicos, que será unha transferencia anual; e por outra banda, a axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará trimestralmente*
- *O decreto prevé a concesión de anticipos nos catro primeiros meses do ano dunha parte das axudas correspondentes a cada entidade local*
- *Promove, tamén, unha maior coordinación do papel que desenvolven os concellos, as deputacións e a Administración autonómica na prestación de servizos sociais*
- *De acordo coa Lei de Administración local e a Lei de servizos sociais, a nova normativa establece que as deputacións deberán prestar un apoio prioritario en materia de servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes*
- *Regúlase tamén a figura do profesional de referencia e do expediente social único*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que desenvolve a Lei de servizos sociais de 2008, no relativo ao servizos sociais comunitarios e ao seu financiamento. Esta normativa permite axilizar e optimizar o financiamento destes servizos prestados polas entidades locais.

Esta mellora prodúcese, fundamentalmente, a través de dúas vías: permítense anticipos das axudas para a prestación dos servizos sociais básicos –que se destinan, principalmente, a gastos de persoal e servizo de axuda a domicilio básica-; e pasan a liquidarse trimestralmente, e non anualmente como ata agora, os pagamentos pola prestación do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes de titularidade municipal.

As modificacións principais en materia de financiamento son, polo tanto, as seguintes: no caso dos servizos sociais básicos, pásase dunha convocatoria anual de subvencións a un proceso de transferencias anuais que permitirá adiantos; e no caso dos servizos de axuda no fogar de dependencia, o pagamento realizarase trimestralmente grazas tamén á posta en marcha dunha nova aplicación informática que permite compartir información entre Xunta e concellos.

No relativo aos servizos sociais comunitarios básicos as transferencias financiarán os gastos de persoal; o servizo de axuda no fogar na modalidade de prestación básica; e a xestión e realización doutros programas non específicos.

Un dos principais avances que permitirá este decreto será anticipar aos concellos, nos primeiros catros meses do ano, o pagamento dunha contía equivalente á metade do que recibisen o ano anterior por parte do financiamento que lle corresponde á Xunta. Isto permitiralles contar cun financiamento previo ata que reciban a segunda parte do pagamento.

No que se refire ao servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, este servizo financiábase ata o momento a través da orde anual de subvencións. A partir de agora as transferencias serán de carácter trimestral, o que sen dúbida aliviará a situación financeira dos concellos e contribuirá a mellorar a calidade na prestación deste servizo.

A contía calcularase en función do número de persoas atendidas e das horas mensuais de atención prestadas. A posta en marcha dunha nova aplicación informática –á cal xa poden acceder actualmente os concellos- permitirá coñecer de forma automática o número de persoas atendidas e o número de horas de prestación que reciben.

Ademais, os concellos poderán facer unha estimación exacta da contía que recibirán, xa que contarán cun módulo de financiamento por cada hora que lles permitirá facer as súas previsións.

Maior coordinación

O novo decreto incide tamén nun punto esencial para a prestación dos servizos públicos en xeral, e dos servizos sociais en particular. Deste xeito, articula unha maior coordinación en todo o sistema galego de servizos sociais.

Para conseguilo, determina a coordinación das competencias dos concellos, das deputacións e da propia Xunta de Galicia. En concreto, establece tamén que, de acordo coa Lei de Administración local e coa Lei de servizos sociais, as deputacións prestarán prioritariamente “asistencia económica, técnica e xurídica” aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. A nova normativa favorece tamén que os concellos se unan para solicitar conxuntamente os distintos servizos.

Outro punto fundamental é que se regula a figura do “profesional de referencia” que se asignará a cada persoa que acceda ao sistema de servizos sociais, co obxecto de dar coherencia e continuidade ao itinerario de intervencións e garantir o acceso aos diferentes servizos. Este profesional será, polo tanto, o interlocutor principal das persoas que se lle asignen e encargarse de garantir a globalidade e integridade da intervención. Por norma xeral, será un traballador social dos servizos sociais comunitarios, agás cando as características da intervención aconsellen a asignación doutro profesional.

Nesta mesma liña de actuación, desenvólvese o expediente social único. Así, abrírase un expediente social básico ás persoas usuarias do sistema, e este expediente estará a cargo do profesional de referencia. No expediente recolleranse os datos de identificación da persoa, as súas circunstancias que resulten significativas para determinar a súa situación social; e os elementos básicos da intervención realizada: a demanda expresada, a valoración social realizada e os recursos aplicados.

Neste expediente quedarán rexistradas todas as intervencións e servizos prestados. Este documento gozará, por suposto, de todas as garantías establecidas na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Ademais, este expediente social permitirá, pola súa vez, a implantación e mantemento dun sistema de información básica das persoas usuarias dos servizos sociais, que estará conectado en rede cos sistemas de información e de xestión das prestacións e servizos, e que permitirá o retorno da información relevante ao expediente social básico que xestionan os servizos sociais comunitarios.

O novo decreto inclúe outras novidades. Por exemplo, tamén regulará aspectos básicos de contido e funcionamento dos servizos sociais comunitarios, e establecerá criterios para a dotación do seu persoal (cadro de persoal e perfís profesionais necesarios), co fin de homoxeneizar a atención en todos os puntos da Comunidade Autónoma.

En definitiva, a normativa concreta e moderniza a regulación dos servizos sociais comunitarios e incrementa a súa seguridade xurídica, ao tempo que establece un marco normativo para un financiamento máis áxil e eficaz, que favorece a continuidade e estabilidade deste financiamento.

MEDIO RURAL E MAR ACTUALIZA O REGULAMENTO DOS ESTABLECEMENTOS E AS EMPRESAS DE SERVIZOS FITOSANITARIOS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto que facilitará ao cidadán os trámites de inscrición no Rexistro e solicitude do Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regula o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Produtos Fitosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, o Libro oficial de movemento de produtos fitosanitarios e o réxime sancionador nesta materia.

Esta norma fará posible unha mellora no funcionamento dos establecementos e servizos incluídos no dito rexistro, xa que favorecerá un uso seguro destes produtos. Ademais, facilitará a comunicación dos datos dos movementos de produtos que se produzan no comercio ou nas empresas de tratamento.

Principais puntos destacados

Este decreto integra nun só texto legal a normativa do rexistro de establecementos e servizos de produtos fitosanitarios e do seu Libro oficial de movemento deles. Así mesmo, adáptase a novas normativas (como as que emanan da directiva de servizos ou a Lei de protección de datos) e aos medios ofimáticos dispoñibles.

Tamén se crean novas categorías de establecementos e se regula o uso e almacenamento privado de produtos fitosanitarios, incidindo no cambio de localización do establecemento, no cesamento da actividade ou mesmo na prestación de servizos en Galicia de empresas inscritas en rexistros doutras comunidades autónomas.

Antecedentes

Na Comunidade Autónoma de Galicia creouse e regulouse o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas (ROESP) no ano 1996, mediante unha Orde conxunta das antigas consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Asuntos Sociais. Desde a súa aprobación producíronse numerosas modificacións na normativa estatal aplicable ao funcionamento do Rexistro, facendo unha división dos praguicidas en dous grupos: os produtos fitosanitarios (destinados a protexer ou mellorar a saúde das plantas) e os biocidas (praguicida non agrícola). Con este decreto sepáranse estes dous rexistros, xa que os primeiros son competencia da Consellería do Medio Rural e do Mar, e os segundos da Consellería de Sanidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO PARA A FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO

- ***A celebración cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico, e ten un recoñecido valor cultural, etnográfico e posúe unha singularidade propia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a festa da Reconquista de Vigo.

A festa da Reconquista da cidade olívica vense organizando desde hai case dúas décadas pola Asociación de Veciños do Casco Vello e conmemora o feito histórico do levantamento popular que permitiu en 1809 recuperar a cidade das tropas napoleónicas, desde Vigo ergueuse unha ofensiva en toda Galicia que levou á retirada definitiva do exército de Napoleón. Conmemora a loita da cidade contra a invasión francesa na Guerra da Independencia acaecida entre xaneiro e marzo de 1809. Vigo gañou o título de cidade tras aquel episodio. Estes feitos conmemóranse cunha celebración na cal se representa a loito dos veciños ataviados con vestiduras de época.

Na pasada edición de 2011 participaron no evento máis de 22 mil persoas e contabilizáronse máis de 200 postos de artesanía, demostración de oficios e venda de produtos de alimentación. Preto de 450 actrices e actores voluntarios participaron na representación. Entre as principais actividades da festa está o engalanamento das rúas e ambientación de época, o mercado, as exposicións, a representación dos feitos históricos, as demostracións de artesáns ou as actuacións musicais e teatrais.

A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 231.000 EUROS PARA A MELLORA DA ANTIGA ESTRADA OU-540 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BARBADÁS

- *A unidades principais de obra centraranse no fresado do firme, estendido de mestura bituminosa en quente e colocación de sinalización e balizamento*
- *Os traballos, que actuarán sobre un treito de 846 metros, levaranse a cabo ao longo deste ano 2012*
- *As obras, que pretenden incrementar a seguridade viaria, beneficiarán preto de 120.000 habitantes dos municipios de Barbadás e Ourense*
- *Unha vez realizadas as actuacións, o concello ocuparase da explotación, mantemento e conservación destas, asumindo as responsabilidades correspondentes como o seu ente titular*

O Consello da Xunta de hoxe aprobou a colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Barbadás co fin de realizar a obra de mellora do firme na antiga OU-540 ao seu paso polo devandito concello. O tramo é actualmente de titularidade municipal.

A antiga estrada de Celanova, denominada OU-540, é a vía principal de comunicación entre os dous núcleos máis importantes do concello, A Valenzá e Barbadás. Esta estrada é moi empregada por todos os residentes da zona que se dirixen tanto cara a Barbadás como á cidade de Ourense. Na actualidade, esta vía presenta unha considerable deterioración no que respecta ás características do estado do firme o que compromete a seguridade viaria deste treito.

As unidades principais de obra centraranse no fresado do firme, estendido de mestura bituminosa en quente e colocación de sinalización e balizamento. Cabe citar que a lonxitude do tramo obxecto de mellora é de 846 metros.


A Consellería de Medio Ambiente achega un importe total de 231.274 euros para a execución destes traballos, que consistirán na optimización da capa de rodadura da estrada. As actuacións levaranse a cabo ao longo deste ano 2012.

O departamento que dirixe Agustín Hernández realiza este tipo de colaboracións co propósito de mellorar a seguridade viaria nas estradas dos concellos galegos, e reduciu así a sinistralidade nas vías. Neste caso, o proxecto beneficia a preto de 120.000 habitantes dos municipios de Barbadás e Ourense.

Obrigas

Por unha parte, a Xunta de Galicia comprométese a financiar as actuacións, licitalas e executalas a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI).

Por outra parte, o Concello de Barbadás deberá poñer á disposición da Axencia Galega de Infraestruturas, de ser o caso, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras. Unha vez realizadas as actuacións, o municipio ocuparase da explotación, mantemento e conservación destas, asumindo as responsabilidades correspondentes como o seu ente titular.



A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO GASODUTO SANXENXO-O GROVE QUE SUBMINISTRARÁ GAS AOS CONCELLOS DE SANXENXO, MEAÑO E O GROVE

- *Os apoios da Xunta facilitaron que o 64% da poboación xa poida acceder ao gas natural*
- *O Consello da Xunta de Galicia declara a incidencia supramunicipal do gasoduto que achegará o gas natural a máis de 34.000 usuarios*
- *Esta infraestrutura suporá a mobilización de investimentos por preto de 9 millóns de euros na mellora da subministración enerxética da zona*
- *A Xunta continúa a desenvolver a súa estratexia de apoio á gasificación dos concellos galegos de cara á mellora da calidade de vida e ao desenvolvemento industrial*
- *Co impulso da Xunta a este proxecto, Galicia avanza tamén nos obxectivos de eficiencia e aforro da súa planificación enerxética*

O Consello da Xunta de Galicia declarou o gasoduto Sanxenxo-O Grove de incidencia supramunicipal para avanzar na tramitación dunha infraestrutura que subministrará gas natural aos concellos de Sanxenxo, Meaño e O Grove, achegándoo a máis de 34.000 usuarios.

Deste xeito o Goberno autonómico continúa a apostar pola gasificación dos concellos galegos. Esta estratexia lévase a cabo desde a Consellería de Economía e Industria co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos galegos e do desenvolvemento industrial e económico da Comunidade.

Con este acordo dáse inicio ao procedemento de aprobación definitiva do devandito proxecto sectorial, declarado hoxe de incidencia supramunicipal, dada a súa importancia para o desenvolvemento da marxe norte da Ría de Pontevedra.

O desenvolvemento desta infraestrutura gasista suporá a mobilización dun investimento de preto de 9 millóns de euros na mellora da subministración enerxética da zona. O gasoduto de transporte secundario contará cunha lonxitude de 36,3 km e achegará a subministración de gas natural a tres termos municipais.

Esta infraestrutura reforzará a rede gasista do noroeste de España, flexibilizará e mellorará a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos, conectándose con esta, e aumentará o atractivo destes concellos de cara á atracción de investimentos e xeración de emprego.

Ademais, co impulso da Xunta a este proxecto Galicia avanza tamén nos obxectivos de eficiencia e aforro da súa planificación enerxética, unha estratexia que prioriza a

creación de infraestruturas para a distribución e consumo de gas natural, como factor de competitividade no tecido empresarial e de mellora da calidade de vida da cidadanía.

Neste sentido, cómpre destacar que os apoios da Xunta de Galicia permitiron unha mobilización de investimentos para a penetración de gas natural na Comunidade de máis de 70 millóns de euros na lexislatura. Estes investimentos fixeron que actualmente o 64% da poboación galega poida ter acceso ao gas natural, unhas cifras que poderán aumentar ata o 76% na lexislatura.

A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA E AGADER COLABORAN NA EXTENSIÓN DA BANDA LARGA A TRAVÉS DE SATÉLITE NO RURAL GALEGO

- ***A Xunta investirá 2,4 millóns de euros en tres anos na implantación de internet vía satélite e nun programa de axudas para implantar as TIC en microempresas***
- ***Grazas a este acordo desenvolverase a última actuación prevista no Plan de Banda Larga para dotar de acceso a internet ao 100% dos galegos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para lanzar a última das actuacións do Plan de Banda Larga, que permitirá acceder á internet vía satélite ao 6% de poboación que non pode dispoñer deste servizo a través das outras actuacións que está a desenvolver o Plan. A Xunta destinará a esta sexta liña do Plan máis de 1 millón de euros a través dunha convocatoria de axudas para o período 2012-2014.

Ademais, a través do convenio aprobado hoxe, destinaranse 1.323.000 euros ata 2014 a axudas a microempresas asentadas no ámbito rural para que poidan implantar as TIC no seu modelo de negocio. Estas axudas están destinadas a empresas de menos de 10 empregados e autónomos para equipamento tecnolóxico e instalación de hardware e software.

Todas as actuacións en marcha

Coa aprobación deste acordo iníciase o procedemento para lanzar a sexta e última liña do Plan de Banda Larga, que hoxe en día dotou de acceso á internet a preto de 460.000 galegos dos case 800.000 que carecían de cobertura a principios de 2010. Coas cinco actuacións postas en marcha será dotada de acceso á rede o 94% da poboación en 2013, o que supón que 2.632.000 galegos contarán con cobertura de banda larga.

O 6% restante, que engloba 168.000 galegos, será obxectivo desta nova actuación, destinada ás zonas máis illadas, dispersas e de orografía complicada, onde o acceso á rede só e posible vía satélite. Coa achega financeira, que a través do presente convenio realiza Agader, entidade dependente da Consellería do Medio rural e do Mar, completárase a posibilidade de acceso a un servizo esencial para equiparar a calidade de vida no rural coa das zonas urbanas.

Tras a sinatura do convenio que se aproba hoxe abrírase unha convocatoria de axudas, como nas anteriores liñas de actuación, para adxudicar a prestación do servizo de acceso á internet a través desta tecnoloxía.

O Plan reduciu en máis da metade os galegos sen cobertura na Comunidade

Dous anos despois da súa posta en marcha, o Plan de Banda Larga dotou de cobertura máis de 460.000 habitantes dos 786.000 que carecían deste servizo en 2009, cubrindo preto do 60% da poboación obxectivo desta iniciativa. En 2011 o Plan permitiu que a porcentaxe de galegos con acceso á rede chegase a preto do 90% fronte ao 70% existente en 2009. A posta en marcha destas iniciativas está a conseguir que Galicia reduza a fenda interna entre as zonas rurais e urbanas. En 2010 a diferenza media na dispoñibilidade de acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixe atlántico pasou dun 20% a un 10%, e grazas ao plan en 2011 esta porcentaxe diminuíu ata un 5,5%.

A XUNTA APROBOU A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE LIÑA DE ALTA TENSIÓN DE INTERCONEXIÓN DAS SUBESTACIÓNS DE PONTE CALDELAS E A REIGOSA

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende terreos dos montes veciñais en man común da Reigosa, Baltar, Sobreiro, Chan do Casal e Taboadelo, no concello de Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de “Liña de alta tensión a 66 kv de interconexión da subestación Ponte Caldelas (Taboadelo) e da subestación A Reigosa”, sobre a que cualifica os montes veciñais en man común da Reigosa, Baltar, Sobreiro, Chan do Casal e Taboadelo, no concello de Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra e que pertencen ás comunidades do mesmo nome.

A liña de alta tensión proxectada subministrará enerxía eléctrica ao parque empresarial da Reigosa, en Ponte Caldelas, abranguendo unha superficie de 119.745,17 m². Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, o Servizo de Montes desta provincia comunicou o expediente ás comunidades afectadas. No período de audiencia as comunidades propietarias non formularon ningunha alegación.

A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar, á vista de toda a documentación do expediente, propuxo emitir informe favorable sobre esta prevalencia en virtude do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

A XUNTA APROBA A ORDE DE AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRA, DESTINADAS Á MELLORA DA SANIDADE ANIMAL

- ***Estes fondos permitirán ás agrupacións de gandeiros executar programas sanitarios obrigatorios, coa posibilidade de desenvolver tamén outros complementarios de carácter voluntario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o período de 1 ano, que vai desde marzo de 2012 ao mesmo mes de 2013.

Con estes fondos finánciase a realización de programas sanitarios obrigatorios en todas as especies gandeiras de explotación na nosa Comunidade.

As axudas van destinadas á mellora da sanidade animal coa execución, a través destas agrupacións integradas por gandeiros, dun programa sanitario cun contido mínimo obrigatorio para cada especie animal e coa posibilidade de desenvolver un programa sanitario complementario de carácter voluntario.

Status sanitario

Esta liña de apoio da Consellería do Medio Rural e do Mar ás agrupacións procura reforzar o status sanitario das explotacións gandeiras, tendo en conta que este constitúe un valor comercial de primeira orde e unha garantía para a seguridade alimentaria dos consumidores.

Cómpre valorar que nun momento de dificultades económicas os gandeiros asumen un custo adicional na mellora da sanidade da súa cabana, por riba das exixencias dos programas oficiais de control e erradicación de enfermidades animais.

O orzamento dedicado a financiar estas axudas no devandito período 2012/2013 é de 2.349.000 euros

O VOLUME DE OCUPADOS NO SECTOR TURÍSTICO REPRESENTOU O 10,1% DO TOTAL DA ECONOMÍA GALEGA DURANTE O ANO 2011

- ***O número de afiliados á Seguridade Social foi de 70.133, o que significa unha variación interanual positiva do 0,1%. O peso do turismo no número total de afiliados da Comunidade galega tivo unha media do 7,15% durante o ano 2011, superando o 6,95% de 2010***
- ***Segundo os datos de Impactur, no seu informe de Impacto económico do turismo de Galicia do ano 2010, o sector turístico en Galicia supón o 11,5% do total de emprego, o que implica 135.718 postos de traballo***

O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, dependente da Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia, realizou o estudo sobre o mercado laboral no sector turístico de Galicia para o ano 2011, empregando fundamentalmente dúas fontes de información, como son a enquisa de poboación activa (EPA) e o número de afiliados á Seguridade Social.

Segundo a primeira destas fontes, a EPA, o número de persoas ocupadas nalgunha das ramas turísticas de Galicia (servizos de aloxamento, restauración, axencias de viaxe, transporte de pasaxeiros, servizos de aluguer de vehículos e actividades culturais) acadou un total de 109.153 traballadores, cifra que sufriu un retroceso respecto ao ano 2010 do 1,6%, o que significa 1.805 ocupados menos.

Este volume de ocupados en turismo representa o 10,1% do total da economía galega. Tendo en conta a evolución por trimestres, o número de ocupados en turismo medrou respecto ao 2010 no primeiro trimestre do ano 2011, mentres no resto dos trimestres se rexistrou un menor número de ocupados que no ano anterior. Segundo esta fonte, o número de asalariados é de 78.836 persoas, o que representa unha taxa de asalarización do 72,3%, mentres que a do conxunto da economía galega é de 78,3%.

Pola súa parte, o número de afiliados á Seguridade Social recolle que no ano 2011 houbo unha media de 70.133 afiliados á Seguridade Social nas ramas do turismo (servizos de aloxamento, restauración e axencias de viaxe), 89 afiliados máis que no ano anterior, o que significa unha variación interanual positiva do 0,1%, mentres que no conxunto da economía galega se produciu un descenso na afiliación do 2,7%. O peso do turismo no número total de afiliados da Comunidade galega tivo unha media do 7,15% durante o ano 2011, superando o 6,95% de 2010.

As catro provincias mantéñense ao redor da media de Galicia en termos de peso de afiliados ao turismo sobre o total de afiliados en cada provincia: A Coruña (7,1%), Lugo (7,1%), Ourense (7,3%) e Pontevedra (7,2%). O 42,1% (29.535) dos afiliados en turismo de Galicia corresponderon á provincia da Coruña. O número de afiliados nas

ramas do turismo incrementouse respecto a 2010 en Ourense (1,6%) e A Coruña (0,5%), mentres descendeu en Lugo (-1,1%) e Pontevedra (-0,2%).

Impactur

Segundo os datos do Impactur, no seu informe de impacto económico do turismo en Galicia do ano 2010, o sector turístico en Galicia supón o 11,5% do total do emprego, o que implica 135.718 postos de traballo.

O feito de que a cifra de EPA no sector turístico sexa inferior á cifra proporcionada polo Impactur para Galicia débese a que a o cálculo estimativo do mercado que afecta o turismo é diferente do analizado pola EPA, dado que Impactur analiza sectores afectados polo turismo de xeito directo pero tamén indirecto.

A XUNTA INTENSIFICA O SEU PLAN DE ACCIÓN PARA A DEFENSA DOS CONSUMIDORES AFECTADOS POLAS PREFERENTES

- ***Javier Guerra reunirase coas asociacións de consumidores e afectados, entidades financeiras e co fiscal xefe do TSXG***
- ***A Consellería de Economía e Industria está a levar a cabo un labor continuado, por medio do Instituto Galego de Consumo, na información, asesoramento e tramitación das reclamacións***
- ***Ao abeiro desta estratexia, a Inspección de Consumo investigará a forma de comercialización deste produto***
- ***O Goberno galego tamén propón a vía extraxudicial da arbitrase para resolver dun xeito máis áxil os conflitos xurdidos***
- ***A Xunta reforzou a formación dos especialistas no asesoramento aos consumidores cun seminario sobre as preferentes e tamén elaborou guías específicas que xa están ao dispor dos consumidores galegos***

A Consellería de Economía e Industria levou hoxe un informe do Instituto Galego de Consumo ao Consello da Xunta de Galicia sobre o plan de acción que inclúe as medidas que o Goberno galego xa levou a cabo e mais as que porá en marcha para continuar a defender os consumidores afectados pola comercialización das participacións preferentes en Galicia, emitidas polas entidades financeiras, fundamentalmente entre 2005 e 2008, nos cales se emitiron preto do 75% destes produtos.

Ante a situación xurdida coas participacións preferentes, a Xunta de Galicia prestou, desde o primeiro momento, un apoio decidido aos consumidores que aseguran non ter recibido a información adecuada cando realizaron estes investimentos. O informe inclúe as actuacións que se levarán a cabo desde a Xunta para continuar desenvolvendo este plan de acción da Consellería de Economía e Industria en defensa dos consumidores ante estes produtos financeiros.

A estratexia inclúe reunións e encontros do conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, e dos responsables de Consumo da Xunta coas asociacións de consumidores e asociacións de afectados, cos responsables das entidades financeiras e co fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de cara a analizar as posibles fórmulas de colaboración no eido das preferentes. Por outra banda, co obxectivo de axilizar a resolución dos conflitos xurdidos, propónse a vía extraxudicial da arbitrase.

Ademais, continuarase co labor da Consellería na información e asesoramento aos adquirentes, así como coa tramitación das reclamacións a través do IGC ao servizo de atención ao cliente e á CNMV, e a Inspección de Consumo investigará a forma de comercialización deste produto.

Segundo os datos do Observatorio sobre Produtos Financeiros, creado en 2010 polo Instituto Galego de Consumo da Xunta en colaboración coa Asociación de Consumidores Adicae, especializada neste eido, estímase que os afectados en Galicia pola emisión deste produto poderían superar os 70.000 consumidores, o que supón un total de 1.080 millóns de euros aproximadamente.

Actuacións en defensa dos consumidores

O informe presentado hoxe no Consello da Xunta tamén recolle as actuacións do Goberno galego desde o momento en que tivo coñecemento da situación xerada aos consumidores. Deste xeito, o IGC facilitou e facilita asesoramento aos afectados que o solicitan e canaliza e tramita as súas reclamacións aos organismos competentes, entre os que se encontra o Banco de España e a CNMV. Ademais, a través do Observatorio de Produtos e Servizos Financeiros aténdese tamén aos afectados.

Ademais, a Xunta afondou na formación especializada neste eido, cun seminario de formación en marzo destinado aos profesionais de consumo que realizan o labor directo de atención ao consumidor, nas oficinas de consumo de concellos, asociacións de consumidores e nas propias oficinas do IGC, na cal participaron 62 especialistas.

Por outra banda, para achegar directamente a información aos consumidores, elaborouse unha guía informativa sobre as participacións preferentes que xa está a ser distribuída. As guías tamén inclúen información sobre as diferentes vías de reclamación.

CULTURA IMPULSA A INDUSTRIA CULTURAL GALEGA CON NOVAS LIÑAS DE AXUDAS PARA O SECTOR E MAIS DE 600 ACTIVIDADES ATA XUÑO

- ***A Axencia Galega das Industrias Culturais promoverá 648 concertos e funcións escénicas nun total de 46 concellos e concederá liñas de subvención para o audiovisual, as industrias culturais e os festivais escénicos e musicais***
- ***Ademais, seguirá promovendo a actividade do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego***
- ***A Consellería de Cultura e Educación presentou no Consello da Xunta o informe de actividade da Agadic de xaneiro a xuño de 2012, onde se detalla unha ampla planificación e o apoio á cultura profesional e de base***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta o informe de actividade da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) de xaneiro a xuño de 2012. Neste período, a Agadic concederá tres tipos de axudas ás industrias culturais, promoverá unha programación propia de calidade a través das súas redes de distribución escénica e musical e impulsará a actividade do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego.

O obxectivo principal destas medidas é a dinamización do sector e a difusión do labor dos nosos artistas, á vez que se facilitará o acceso ás distintas manifestacións culturais a unha gran parte da poboación galega.

A Agadic reformulou as axudas para as industrias culturais para este ano 2012 co obxectivo de impulsar o sector cultural e fortalecer o tecido produtivo. Deste xeito, proximamente faranse públicas as tres liñas de subvención previstas: a dirixida especificamente ao audiovisual, outra liña destinada ás industrias culturais e unha convocatoria de nova creación destinada ao financiamento de festivais escénicos e musicais de interese estratéxico.

A Consellería de Cultura e Educación destinará ata 2015 un crédito global de 2.900.000 euros ás subvencións para as producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega. En segundo lugar, a convocatoria para as industrias culturais estará dotada con 1.290.000 euros, que se destinarán a subvencionar a produción das diferentes artes escénicas, a facilitar o acceso das empresas culturais ao financiamento bancario, a subvencionar as salas de teatro privadas e á distribución no exterior das producións galegas.

A terceira liña de axudas é unha convocatoria de subvencións á celebración de festivais de música e artes escénicas. A finalidade desta nova concesión, que se realizará por concorrencia competitiva, é o apoio a festivais artísticos que, polas súas características, teñan un interese estratéxico para o sector e se desenvolvan durante este ano.

Programación propia

A Agadic encárgase, entre outras cousas, da xestión de tres importantes canles de distribución escénica e musical, que desenvolve en colaboración con concellos e entidades privadas de toda Galicia. A Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo garanten a estabilidade na programación de espectáculos e concertos creados na nosa comunidade, ao tempo que lles achegan aos espectadores unha oferta ampla, plural e aberta tanto no que se refire aos seus contidos como á súa descentralización xeográfica.

O cómputo global dos tres circuítos entres os meses de xaneiro e xuño de 2012 sitúase en 648 concertos e funcións escénicas nun total de 46 concellos. A esta cifra hai que engadir numerosas citas inseridas no resto de programacións promovidas directamente pola Agadic (actividade expositiva da Casa da Parra de Santiago, ciclo ST Música Presente e a súa extensión ás salas da RGMV, Danza3), así como noutras iniciativas organizadas co patrocinio e/ou colaboración da axencia.

CDG e CCG

O Centro Dramático Galego xestiona e diseña a programación externa da súa sede escénica, o Salón Teatro de Santiago, que ademais de levar a cabo unha carteleira continuada de espectáculos de teatro, danza (con especial atención ás producións galegas e ás novas tendencias), concertos e proxeccións audiovisuais, acolle tamén actividades formativas e residencias técnicas e artísticas que se poñen á disposición das compañías privadas.

A nova produción do CDG será *As Furias*, do director norteamericano Neil LaBute, e estará dirixida por Andrés Lima, un dos máximos renovadores da escena actual española. Está previsto que os ensaios comecen a principios de xullo e que a estrea teña lugar no mes de setembro. No plano formativo, o CDG organizará este semestre o curso titulado *A commedia dell'arte e as técnicas da comedia*, que o autor, actor e director italiano Massimo Malucelli impartirá no mes de abril.

Pola súa banda, o Centro Coreográfico Galego presentará a finais de abril o espectáculo *Aínda*, que contará coa dirección artística de Mercedes Suárez. Ademais, tamén producirá en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia *O Quebranco*, que segundo a previsión se estreará en decembro de 2012 no Palacio da Ópera da Coruña. Para a actual temporada escénica o CCG tamén está a coproducir xunto coa compañía de danza galega Contra2 o espectáculo titulado *Gharbo!*, que conta coa dirección coreográfica de Iván Villar e coa dirección musical de Nelson Quinteiro, e que se estreará no vindeiro mes de maio.

Festivais e internacionalización

A Agadic tamén apoiará a actividade cultural de iniciativa pública e/ou asociativa, como é o VIII Festival Internacional de Documentais de Tui - Play-Doc; o IX Festival de Cans; II Can Campus; a programación da Federación de Cineclubs de Galicia; o V Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso; as galas de entrega de premios de teatro María Casares e premios Mestre Mateo; e diversos espectáculos poético-musicais organizados con motivo do Ano Celso Emilio Ferreiro. A estas actividades hai que engadir a recente organización da I Conferencia internacional 'As industrias creativas como chave para o futuro', que tivo lugar na Cidade da Cultura.

Doutra banda, tamén se colaborará con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais e promoverase a participación de empresas e artistas galegos en encontros, feiras e festivais nacionais e internacionais. Entre este actos destaca a participación en Pre-MICA (Mercado de Industrias Culturais Arxentinas), na Feira Internacional do Libro de Bos Aires, no Encontro Internacional das Artes do Movemento (Mov-s) de Cádiz e a posta en marcha dun proxecto de colaboración co Igage para fomentar a participación colaborativa e o intercambio de experiencias na industria cultural entre Galicia, Castela e León e Portugal.

A ampla actividade que a Agadic desenvolverá ata xuño reflicte a aposta da Axencia pola cultura feita en Galicia, o seu apoio aos artistas de base e aos profesionais, o seu labor de dinamización das industrias culturais e o seu interese por levar por toda a xeografía galega unha programación ampla, diversa e de calidade.

A CONSTRUCCIÓN E DOTACIÓN DO ALMACÉN DA PLATAFORMA LOXÍSTICA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE COMEZARÁ ESTE MES DE MARZO

- ***Contará cunha superficie de preto de 11.000 metros cadrados, con 156 persoas dedicadas á prestación do servizo, e unha frota de 27 vehículos***
- ***Situado no concello de Negreira, terá un movemento aproximado de 45.000 produtos que se distribúen a máis de 594 centros de atención sanitaria***
- ***O remate das obras está previsto para o mes de outubro***

Co obxecto de mellorar a eficiencia operativa na xestión da almacenaxe, da distribución e do aprovisionamento, e de reducir os custos de operación e o valor dos *stocks*, o Servizo Galego de Saúde formalizou un contrato de servizos para operar unha plataforma loxística dotada dun centro de almacenaxe para toda Galicia, que se encargará da recepción, da garda e da custodia dos produtos necesarios para desenvolver a actividade asistencial, así como da súa distribución ás distintas unidades, da súa orde, colocación e control, de forma que os movementos dos materiais se poidan trazar ata o seu consumo.

Este servizo loxístico integral abrangue a xestión dos produtos sanitarios, como os de laboratorio, implantes e próteses, dos produtos non sanitarios como os de lenzaría, material de limpeza e de oficina, e dos produtos farmacéuticos que se consideren apropiados para reducir custos de operación e almacenaxe.

A adxudicación, formalizada no mes de decembro, por un importe de máis de 88 millóns de euros, supuxo un aforro do 10% (9,8 millóns de euros) sobre o orzamento da licitación. Ademais, os aforros intrínsecos do proxecto vinculados á redución dos custos operativos, das existencias e dos prezos de compra estímense ao redor dos 20 millóns de euros anuais. Igualmente, co obxecto de mellorar a prestación do servizo, o adxudicatario propuxo ampliar as frecuencias de reposición, dotar equipamento e software de xestión adicional e reducir o tempo de resposta ante as emerxencias, ademais doutras melloras que no seu conxunto están valoradas en 6,4 millóns de euros.

Así mesmo, hai que sinalar a optimización do espazo dispoñible nos centros para almacenar estes produtos e a posibilidade de aproveitar para outros usos o espazo que actualmente ocupan os almacéns dos centros.

Como consecuencia desta iniciativa que está a levar a cabo o Sergas, o almacén que se construírá, sito no Concello de Negreira, terá unha superficie de preto de 11.000 metros cadrados e doce plataformas de carga. O inicio das obras está previsto neste mes e o seu remate no de outubro. Disporá de 156 persoas dedicadas á prestación do servizo e dunha frota de 27 vehículos, dos cales 7 se dedicarán ao transporte de produtos

refrixerados. Terá un movemento aproximado de 45.000 produtos, que se distribúen a máis de 594 centros de atención sanitaria.

O pasado mes de decembro constituíuse a comisión prevista no contrato para o seguimento do acordo e nela estanse a estudar o plan de posta en marcha da plataforma, integrado por un plan operativo de construción e dotación, un plan de distribución e de configuración de almacéns periféricos e un plan operativo de información.

O inicio da prestación do servizo aos distintos centros sanitarios está previsto para o ano 2013 cun calendario de incorporación progresivo.